




Esperanza Piñeiro de San Miguel e Andrés Gómez Blanco:
Puerto de A Coruña. Autoridad Portuaria de A Coruña /
Caixanova, 2004, 255 p.



Francisco Fernández Rei

Esperanza Piñeiro e Andrés Gómez levan anos investigando a cultura marítima galega, baseándose en fontes orais e en documentación escrita. En *Xentes dos mares de Ferrol* (1996) estudaron a historia da pesca de baixura ata 1961 nos concellos de Ferrolterra e n'*A pesca e os mariñeiros. Cedeira, Cariño, Ortigueira e Mañón* (2001) fixeron o mesmo en portos do Ortegal. Nos dous casos outorgáronlle un importante papel á memoria dos mariñeiros e mariscadoras que entrevistaron, porque para eles a memoria "devolve os recordos, como devolve sempre o mar todo aquilo do que nalgún momento se apodera".

Seguindo ese ronsel metodolóxico apareceu en 2004 *Homes de ferro en barcos de madeira*, dedicado ós galegos que andaron ó bacallau nas xélicas augas de Terranova, en mareas de varios meses, e ós que en mareas duns 15 días ían á pescada, ó lagostino e a outras especies ó Gran Sol, o rico banco do sur de Irlanda.

A maior parte deste libro bilingüe (pp. 23-201) son doce historias de vida de doce mariñeiros da Coruña ou chegados á Coruña desde outros portos galegos, que traballaron nesas augas en barcos de madeira e logo tamén na costa africana e americana, pero xa en modernos barcos-factoría conxeladores. A través das súas lembranzas e de notas históricas que intercalan os autores asistimos á transformación da pesca de baixura e da pesca da altura desde as primeiras décadas do

séc. XX, nunha etapa histórica en que toda a tripulación era galega, en contraste co que pasa hoxe en día, con embarcacións onde os galegos poden ser minoría, como ocorre nalgún barco do cerco de Cambados ou como pasaba no *Siempre Casina*, de Burela, onde de 9 tripulantes 3 eran peruanos e 2 senegaleses.

Asistimos á aparición na Coruña dos primeiros bous de arrastre, importados de Inglaterra, e das primeiras parellas de arrastre, que xa se coñecían en Marín e Vigo, barcos todos que andaban a carbón, que as mulleres descargaban con cestas á cabeza desde os mercantes e que, ás veces, cargaban nos pesqueiros. Vemos como se substitúe o carbón por gasóleo e como aparecen os barcos de ferro cos que xa se poden facer mareas todo o ano no Gran Sol, e non só na primavera e verán como pasaba cos de madeira. E tamén vemos como se introducen especies novas ás que hai que dar un nome, como un falso linguado que a colla coruñesa denominou *coreano* porque se desembarcou en 1953 cando a guerra de Corea.

Hai comodidades nos novos barcos, e xa non se come entre peixes, escamas e sal, como ocorría nas mareas de varios meses en Terranova; pero o progreso tamén estraga o mar, pois aquelas ecolóxicas redes de cána-bo, que había que encascar, se quedaban no mar pudrían en varios días e desfacíanse, mentres que as modernas redes, de quedaren no fondo, non se desfán e seguen matando peixe, que ninguén pesca.



Nesas historias vividas asistimos a naufraxios que protagonizaron estes homes de ferro ou xente coa que eles andaron ó mar, á vez que imos vendo as súas supersticións. A bordo do barco non se poden amentar nin curas nin raposos e non debe haber nin paraugas nin mulleres e debe evitarse que o aceite se derrame na cuberta. Os autores van combinando referencias a estas crenzas con mitos dos portos, como ese congro vermello de sete cabezas que vive no porto de Ferrol, "capaz de formar enormes ondas cos movementos da cola".

Fálasenos da soidade nun mar hostil como o de Terranova, coa auga do barco conxelada e coa cuberta chea de neve, e do non menos hostil Gran Sol, con golfiños que seguen o barco e axudan a combater esa soidade, e con pardelas e mascatos que constitúen un bocado apetitoso cando só se comía peixe. E vemos en diferentes historias o papel do cocinheiro, que moi consciente da dureza do traballo, sempre en cuberta ó frío, quere que a xente estea contenta coa comida, o máis variada posible, e que non lle falte o café que axude a combater o frío e o sono.

Participamos no drama de tantos mariñeiros da altura que deixaron a muller na casa criando uns fillos que case non coñeceron os pais, polo que agora eses homes de ferro queren desfrutar dos netos. Algún manifesta a necesidade diaria de notar a presenza do mar: "Eu teño que baixar tódolos días ó muelle, inda que só sexa ver o mar". Outro, que con 15 anos embarcou nunha baca do Gran Sol, cando a roupa de auga non protexía da humidade nin do frío, que logo pasou unha marea de catro meses en Terranova, onde "durmías un par de horas, e, volta a empezar", e que con 17 anos embarcou nun bou que ía a África Central, ese home de ferro, aínda recoñecendo a dureza da vida na pesca da altura, di que non a cambiaría por nada, que se volvese a nacer, "volvería ir ó mar. Sei que é unha cárcel flotante, pero eu non a cambio".

A segunda parte do libro (p. 205-245) é unha aproximación histórica á pesca na Coruña, de 1900 a 1961, ano en que se promulga a Lei de Renovación e Fomento da Frota pesqueira, co que a pesca se vai transformar nunha industria totalmente tecnificada e dominada polo gran capital; e no caso do porto da Coruña, a frota pesqueira en fresco terá unha continua expansión ata a década dos setenta. Nestas páxinas os autores analizan, entre outros temas, o asociacionismo da xente do mar na Coruña, co papel relevante de "El Despertar Maríti-

mo", asociación promovida pola CNT en 1914, e a creación de sociedades de estibadores e de cargadoras e descargadoras de carbón, ou a creación do Pósito Marítimo Terrestre da Coruña en 1927, dez anos despois de que se constituíra en Cambados o primeiro Pósito de todo o litoral español.

A parte gráfica é abundante en todo o libro. Xunto con postais de temas mariñeiros do Arquivo do Reino de Galicia e da Colección Martínez Barbeito, hai fotos de Miguel Fraga con entrevistados e diversos motivos marítimos e de Pedro Varela en diversas mareas, así como fotos dos arquivos persoais da xente do mar entrevistada.

Beizóns para Esperanza Piñeiro e Andrés Gómez por esta nova contribución á recuperación e á revalorización da cultura marítima galega, que constitúe unha merecida homenaxe á épica dos mariñeiros galegos da altura, e particularmente a aqueles "homes de ferro en barco de madeira, así era como nos chamaban os ingleses cando iamos pescar ó Gran Sol ou ata Terranova".



Clasificación do peixe

